CONCELLO DE SANTIAGO

**Expediente:** *Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais*

**Asunto:** *Valoración dos criterios de adxudicación avaliables en forma de cifras ou porcentaxes (sobre nº 3) e resumen final das valoracións*

# INFORME TÉCNICO

## Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación a valoración dos criterios de adxudicación avaliables en forma de cifras ou porcentaxes (sobre nº 3) e a presentación do resumen final das valoracións do procedemento de contratación para a ***"Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais"***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/20/2014.

## Antecedentes

Con data 15/07/2014 presentouse ante a mesa de contratación o informe técnico valorativo da documentación presentada por OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. para a xustificación da súa oferta económica por ser esta, segundo o PCAP, anormal ou desproporcionada.

A vista do mesmo e das deliberacións efectuadas, a mesa de contratación acordou aceptar a xustificación presentada e non excluír a dito licitador. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores, en forma de baixa sobre o cadro de prezos unitarios incluído no PPTP, que continúan no procedemento son:

| Nº de orde | Licitador | Baixa |
|---|---|---|
| 1 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 32,20% |
| 2 | SERVICIOS Y MANTENIMIENTOS, U.T.E. | 20,00% |
| 3 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 13,30% |
| 5 | EULEN, S.A. | 15,22% |

## Valoración das ofertas económicas ($P_{A}$)

O PCAP só establece a valoración das ofertas económicas como único criterio de adxudicación avaliable en forma de cifras ou porcentaxes.



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

CONCELLO DE SANTIAGO

De acordo coa fórmula establecida na cláusula 10.3.A.1), a valoración das propostas económicas ($P_{A)}$) debe realizarse sobre as ofertas económicas dos licitadores. Tendo en conta que o modelo de proposición económica previsto no Anexo I do PCAP require a baixa que realiza o licitador ($B_n$), para a aplicación da citada fórmula de valoración a oferta económica de cada licitador obtense da seguinte forma:

$$O_n = 100\% - B_n$$

Preséntase a continuación o cadro resume das puntuacións obtidas por cada licitador segundo o antedito:

| Nº de orde | Licitador | Baixa | Oferta económica | Puntuación $P_{A)}$ |
|---|---|---|---|---|
| 1 | OVIGA | 32,20% | 67,80% | 55,00 |
| 2 | S&M UTE | 20,00% | 80,00% | 46,61 |
| 3 | F. GÓMEZ | 13,30% | 86,70% | 43,01 |
| 5 | EULEN | 15,22% | 84,78% | 43,98 |

| *Importe da oferta mais baixa* | |
|---|---|
| *Ob* | *67,80%* |

***Resumen valoración dos criterios de adxudicación (cláusula 10.3)***

Presentase a continuación o resumen das valoracións parciais e a suma da valoración total dos criterios de adxudicación (cláusula 10.3) e a orde de clasificación consecuente dos licitadores que non foron excluídos ata o momento:

| Nº de orde | Licitador | Puntuacións parciais | | Puntuación total | Orde de clasificación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Sobre nº 2 $P_{B)}$ | Sobre nº 3 $P_{A)}$ | | |
| 1 | OVIGA | 30,75 | 55,00 | 85,75 | 1º |
| 2 | S&M UTE | 15,00 | 46,61 | 61,61 | 3º |
| 3 | F. GÓMEZ | 20,25 | 43,01 | 63,26 | 2º |
| 5 | EULEN | 8,00 | 43,98 | 51,98 | 4º |

***Conclusión***

Sométese o presente informe a avaliación da mesa de contratación para que proceda como mellor considere, en función do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do procedemento de licitación.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2014

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

PROGRAMACIÓN E PROXECCIÓN PROXECTOS E OBRAS CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo.: Miguel Fernández Solís

CONCELLO DE SANTIAGO

**Expediente:** *Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais*

**Asunto:** *Análise documentación OVIGA xustificación oferta económica anormal ou desproporcionada*

# INFORME TÉCNICO

## Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise da documentación presentada por OVIGA para a xustificación da súa oferta económica presentada para o procedemento de contratación para a ***"Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais"***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/20/2014.

## Antecedentes

Con data 27/06/2014 someteuse a consideración da mesa de contratación o informe técnico relativo a determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados.

A mesa de contratación acordou requirir a OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA) a xustificación da súa oferta económica, por atoparse na situación antedita.

Con data 07/07/2014, recibiuse do Negociado de Contratación de Obras e Servizos a documentación presentada a tal efecto por OVIGA (rexistro nº 32.991 de 03/07/2014).

## Análise técnico

Debido a natureza do contrato (prestación de servizos), OVIGA estrutura a xustificación da súa oferta económica mediante o balance anual entre os ingresos a percibir e os costos nos que incorre por desenvolver o mesmo.

1. Ingresos a percibir

   Segundo o previsto no PPTP do contrato, as obrigacións do adxudicatario e, polo tanto, a súa retribución mediante certificacións mensuais, clasifícanse nos seguintes grupos:

   - Operacións do Grupo I

     Son tarefas de prestación obrigatoria durante todo o período do contrato, definidas no PPTP e polas que o adxudicatario percibirá unha retribución fixa establecida no cadro de prezos do contrato e afectada pola baixa da súa oferta económica.

Segundo os cálculos presentados por OVIGA supón unha retribución anual de 12.895,56 €.

- Operacións do Grupo II

  Son tarefas de prestación a demanda por parte do Concello e cuxas condicións técnicas de execución e prezo unitario están definidos no PPTP. A súa retribución efectuarase mediante o cómputo das medicións realmente desenvolvidas para cada tarefa prevista ao prezo establecido para cada unha delas afectado pola baixa da oferta económica do adxudicatario.

  Ao tratarse de tarefas a demanda, a cuantificación previa non é posible. Neste caso OVIGA realiza una simulación da súa retribución seleccionando, segundo o obxecto principal do contrato, as tarefas que previsiblemente supoñerán a maior parte da carga de traballo e asignando unha estimación das súas medicións ata completar a retribución anual establecida para o contrato. Estas medicións serán utilizadas posteriormente para o cálculo dos costos da prestación do servizo.

  Segundo os cálculos presentados por OVIGA supón unha retribución anual de 35.152,85 € + 142.034,24 € = 177.187,09 €.

Dista forma, a retribución base (sen I.V.E.) a percibir é de 12.895,56 € + 177.187,09 € = 190.082,65 €.

2. Previsión de costos

Para o cumprimento das obrigas previstas no PPTP do contrato e das melloras ofertadas na súa oferta (sobre nº 2), OVIGA realiza una estimación dos seus costos segundo a súa natureza:

- Costos fixos

  Son costos derivados do cumprimento do contrato e independentes da variabilidade das tarefas a desenvolver. OVIGA determina que son os correspondentes ao persoal e os seus medios complementarios asignado ao contrato en dedicación exclusiva. Segundo os seus cálculos supón un importe anual de 110.238,00 €.

- Costos variables

  Son costos orixinados pola realización de tarefas que non ten carácter fixo ou medición previa ou que non son realizadas polos recursos con dedicación exclusiva asignados ao contrato e que son computados como costos fixos. Segundo a documentación presentada por OVIGA os estima da seguinte forma:

  - Operacións do Grupo I

    As operacións dos subgrupos I.1, I.3 e I.4 son realizadas polos recursos con dedicación exclusiva asignados ao contrato e non ten establecido costos variables.

    As operacións do subgrupo I.2 (atención a incidentes) non están determinadas a priori, polo que OVIGA realiza unha estimación anual do seu número, a súa importancia, os recursos a mobilizar e o seu costo.

    Segundos os cálculos presentados supón un importe anual de 2.649,36 €.

– Operacións do Grupo II

Son tarefas de prestación a demanda por parte do Concello. Partindo dos datos da súa simulación da retribución (tipoloxía das tarefas e a súa medición), OVIGA realiza o cálculo do costo unitario de cada tarefa e, aplicando as medicións, a estimación do costo anual, resultando un importe de 7.347,30 € + 57.796,00 € = 65.143,30 €.

Dista forma, o importe anual estimado por OVIGA dos costos variables é de 2.649,36 € + 65.143,30 € = 67.792,66 €.

- Costos xerais e financeiros

  Na súa documentación, OVIGA establece para estes costos un 5% sobre o importe dos costos fixos e variables, polo que o importe anual estimado é de 8.901,53 €

Polo tanto, a estimación efectuada por OVIGA dos costos pola prestación do servizo resulta ser un importe anual de 110.238,00 € + 67.792,66 € + 8.901,53 € = 186.932,19 €.

***Balance da prestación do servizo***

O balance anual da prestación do servizo estimado por OVIGA como resultado da comparación dos ingresos fronte a os costos resulta ser un importe de 190.082,65 € - 186.932,19 € = 3.150,46 €, sendo un 1,66% da retribución tipo anual máxima establecida para o contrato.

***Conclusións***

A vista do PCAP e do PPTP do expediente de contratación e da documentación presentada por OVIGA na súa oferta e na xustificación da súa oferta económica, dende un punto de vista técnico, conclúese o seguinte:

- A estrutura de ingresos e de costos definida polo licitador na súa xustificación é compatible cos requirimentos do contrato de prestación de servizos e está coordinada coa súa oferta.
- A estimación da tipoloxía e medición das tarefas a demanda para o cálculo da oferta económica é responsabilidade do licitador dentro do concepto de risco e ventura dos contratos públicos, se ben, os datos presentados son compatibles con obxecto xeral do contrato.
- A definición dos costos unitarios (persoal, tarefas a demanda, porcentaxes, etc.) é responsabilidade do licitador dentro do concepto de rendemento e competitividade da súa actividade empresarial, se ben, os datos presentados están dentro dos parámetros de mercado para este tipo de actuacións.
- O balance final da prestación de servizo é un obxectivo económico do licitador que queda fora do análise e valoración do presente informe.

Polo tanto, a vista do exposto, non se observan elementos significativos que permitan afirmar tecnicamente que a oferta económica presentada por OBRAS Y VIALES

DE GALICIA, S.L. incorre na consideración de anormal ou desproporcionada e sométese a consideración da mesa de contratación a súa avaliación.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2014

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

PROGRAMACION E PROXECCION PROXECTOS E OBRAS
CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo.: Miguel Fernández Solís

**Expediente:** *Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais*

**Asunto:** *Determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados*

# INFORME TÉCNICO

***Obxecto***

Redáctase o presente informe técnico para a determinación das ofertas económicas (sobre nº 3) con valores anormais ou desproporcionados do procedemento de contratación para a ***"Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais"***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/20/2014.

***Apertura sobre nº 3***

Con data 25/06/2014 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre nº 3 dos licitadores non excluídos ata dito momento.

Efectuada a mesma, non se detectaron incidencias que apuntar. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores que continúan no procedemento foron:

| Nº de orde | Licitador | Baixa |
|---|---|---|
| 1 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 32,20% |
| 2 | SERVICIOS Y MANTENIMIENTOS, U.T.E. | 20,00% |
| 3 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 13,30% |
| 5 | EULEN, S.A. | 15,22% |

***Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados***

A determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados realizase mediante o procedemento previsto na cláusula 10.A.1 do PCAP (páxina 8):

1. Baixa media das ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura das ofertas económicas ................................................ 20,18%
2. Límite ofertas económicas anormais ou desproporcionadas (BM+5) ................. 25,18%

A oferta presentada por OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (32,20%) supera o límite establecido no PCAP (25,18%)

*Conclusión*

A vista do establecido no PCAP do procedemento de licitación, sométese a consideración da mesa de contratación a avaliación da oferta económica presentada por OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. en canto ao establecido no mesmo para as ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2014

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

PROGRAMACION PROXECCION PROXECTOS E OBRAS
CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo.: Miguel Fernández Solís

**Expediente:** *Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais*
**Asunto:** *Valoración dos criterios de adxudicación non avaliables en forma de cifras ou porcentaxes (sobre nº 2)*

# INFORME TÉCNICO

## Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación a valoración dos criterios de adxudicación non avaliables en forma de cifras ou porcentaxes (sobre nº 2) do procedemento de contratación para a ***"Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais"***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/20/2014.

## Apertura sobre nº 2

Con data 16/06/2014 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura dos sobre nº 2 dos licitadores admitidos ata dito momento. Trala análise formal da documentación presentada, a mesa de contratación acorda remitir para o seu informe técnico as ofertas dos seguintes licitadores:

| Nº DE ORDE | PRESENTACIÓN | | NOME DO LICITADOR | |
|---|---|---|---|---|
| | DATA | REXISTRO | COMPLETO | ABREVIADO |
| 1 | 10/06/2014 | 28.148 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | OVIGA |
| 2 | 10/06/2014 | 28.153 | SERVICIOS Y MANTENIMIENTOS, U.T.E. (CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L. - CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.) | S&M UTE |
| 3 | 10/06/2014 | 28.181 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | F. GÓMEZ |
| 5 | 12/06/2014 | 28.512 | EULEN, S.A. | EULEN |

A oferta presentada por INNOVIA-COPTALIA, S.A.U. (nº 4) foi excluída pola mesa de contratación por non cumprir debidamente os requisitos establecidos no PCAP da licitación.

Durante o proceso de análise da documentación remitida pola mesa de contratación, non se detectaron incidencias que apuntar.

## Análise e proposta de valoración da documentación

De acordo co establecido na cláusula 10.3.B) do PCAP da licitación, procedeuse ao análise e valoración da documentación do sobre nº 2 dos licitadores que non foron excluídos pola mesa de contratación.

Como anexos ao presente informe técnico, achéganse as seguintes tabulas:

- Análise técnico sobre nº 2 (cláusula 13.3) en relación cos criterios de adxudicación (cláusula 10.3.B): na mesma se expón os elementos mais significativos da documentación de cada licitador que determinaron a elección da puntuación de cada un dos criterios.

- Puntuacións sobre nº 2 (cláusula 13.3) en relación cos criterios de adxudicación non avaliables en forma de cifras ou porcentaxes (cláusula 10.3.B)
  - Para os criterios do apartado b.1) "Medios materias" e do apartado b.3) "Execución dos traballos", valorouse a documentación presentada polos licitadores en base 100 (de 0% a 100%) e posteriormente aplicando proporcionalmente a puntuación máxima prevista para cada criterio no PCAP.
  - Para os criterios do apartado b.2) "Medios persoais" determinouse o grado de cumprimento dos requisitos establecidos no PCAP para a determinación dos valores asignados.

    Sinalar que conforme ao establecido no PCAP para este criterio, de non presentar a documentación acreditativa do equipo humano, valorarase o apartado con 0 puntos.

    Doutra banda, se algún dos medios persoais ofertados non se corresponde cos requisitos establecidos no apartado 2.1 no anexo nº 3 do PPTP, valorarase con 0 puntos o correspondente medio persoal non axustado as especificacións.

Preséntase a continuación para a consideración da mesa de contratación, a proposta de valoración de cada licitador para cada un dos criterios de adxudicación non avaliables en forma de cifras ou porcentaxes (cláusula 10.3.B):

| CRITERIOS | 1 OVIGA | 2 S&M UTE | 3 F. GÓMEZ | 5 EULEN |
|---|---|---|---|---|
| *b.1) Medios materiais* | | | | |
| b.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc. | 4,50 | 1,00 | 3,50 | 2,50 |
| b.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato | 3,50 | 0,50 | 1,00 | 0,50 |
| b.1.3) Sistema público avisos e incidentes | 3,00 | 2,50 | 2,00 | 0,50 |
| *b.2) Medios persoais* | | | | |
| b.2.1) Responsable Conservación e Mantemento | | | | |
| · Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato | 0,50 | 0,00 | 1,00 | 0,00 |
| · Grado dedicación ao contrato | 2,00 | 0,00 | 2,00 | 0,00 |
| · Formación xefe COEX | 0,00 | 0,00 | 1,00 | 0,00 |
| · Experiencia | 0,00 | 0,00 | 1,00 | 0,00 |
| b.2.2) Encargado xeral de obras | | | | |
| · Grado dedicación ao contrato | 2,00 | 2,00 | 0,00 | 0,00 |
| · Formación encargado COEX | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| · Experiencia (máximo 20 anos) | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| b.3.3) Outros medios persoais | | | | |
| · Técnico PRL e responsable SyS | | | | |
| - Dedicación exclusiva ao contrato | 1,00 | 0,00 | 1,00 | 0,00 |
| - Formación técnico ou xefe COEX | 0,00 | 0,00 | 1,00 | 0,00 |
| · Cuadrillas de persoal | | | | |
| - Dedicación exclusiva ao contrato da cuadrilla mínima | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 |
| - Cuadrilla suplementaria con dedicación exclusiva (máximo 2) | 2,00 | 2,00 | 2,00 | 2,00 |
| *b.3) Execución dos traballos* | | | | |
| b.3.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II | 6,00 | 3,00 | 2,25 | 0,75 |
| b.3.2) Operacións programables do Grupo II | 5,25 | 3,00 | 1,50 | 0,75 |
| ***TOTAL*** | ***30,75*** | ***15,00*** | ***20,25*** | ***8,00*** |

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2014

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

PROGRAMACIÓN E PROXECCIÓN PROXECTOS E OBRAS CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo.: Miguel Fernández Solís

CONCELLO DE SANTIAGO

## ANÁLISE TÉCNICO SOBRE Nº 2 (cláusula 13.3) EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (cláusula 10.3.B)

| DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 | 1-OVIGA |
|---|---|
| *b.1) Medios materiais* | |
| b.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc. | Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP.<br>**Incrementa aproximadamente sobre o mínimo: completa elementos de seguridade, duplica desbrozadoras, triplica maquinaria movemento terras e duplica equipamento cuadrillas.**<br>**Define e describe 5 tipos de equipos de traballo segundo a tipoloxía de tarefas previstas no PPTP.**<br>Localización Instalacións: polígono industrial de Sigüeiro (Oroso). **Tempos recorrido: ao Concello 23 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 34 minutos.**<br>**Equipamento informático específico COEX e 1 carta de compromiso de empresa de aluguer de maquinaria.**<br>**Presenta fichas da maquinaria principal a adscribir.**<br>Presenta 2 cartas de compromiso de subministro de materiais fora do seu apartado (cláusula 13.3 do PCAP). |
| **b.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato** | **Oferta almacenamento de sinalización móbil, pero son elementos dos medios auxiliares a disposición do contrato.**<br>**Oferta almacenamento de 10 ud de sinalización vertical para a súa instalación.**<br>Oferta almacenamento de outros materiais pero sen establecer a súa cantidade mínima.<br>Presenta 6 cartas de compromiso de subministro de canalizacións, áridos, regos asfálticos, mesturas bituminosas, pavimentos hidráulicos prefabricados e prefabricados de formigón. |
| b.1.3) Sistema público avisos e incidentes | Sobre o previsto no PPTP oferta a maiores 3 h suplementarias de atención telefónica directa e software específico de xestión.<br>Propón modelo de impreso para o rexistro de avisos. |
| *b.2) Medios persoais* | Presenta compromiso formal de adscrición coa documentación acreditativa. |
| b.2.1) Responsable Conservación e Mantemento | |
| · Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato | Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas (G.M.). |
| · Grado dedicación ao contrato | Dedicación exclusiva (E). |
| · Formación xefe COEX | Non acredita formación COEX. |
| · Experiencia | Non acredita tempo de experiencia en prestación de servizos da mesma natureza ao obxecto do contrato. |
| b.2.2) Encargado xeral de obras | |
| · Grado dedicación ao contrato | Dedicación exclusiva (E). |
| · Formación encargado COEX | Non acredita formación COEX. |
| · Experiencia (máximo 20 anos) | Non acredita tempo de experiencia en prestación de servizos da mesma natureza ao obxecto do contrato. |
| b.3.3) Outros medios persoais | |
| · Técnico PRL e responsable SyS<br>- Dedicación exclusiva ao contrato<br>- Formación técnico ou xefe COEX | Dedicación exclusiva (E).<br>Non acredita formación COEX. |
| · Cuadrillas de persoal<br>- Dedicación exclusiva ao contrato da cuadrilla *mínima*<br>- Cuadrilla suplementaria con dedicación exclusiva (máximo 2) | Asignanse 3 cuadrillas de persoal a execución do contrato. |
| *b.3) Execución dos traballos* | Presenta unha proposta de cronograma anual definido polas operacións previstas no PPTP. |
| b.3.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II | Presenta unha proposta dos requisitos previstos no PPTP de forma resumida e organizada de acordo co solicitado no criterio de valoración.<br>Oferta reducir o tempo de resposta de atención a incidentes nun 50%.<br>Presenta modelos de partes de comunicacións, de incidencias e de inspeccións.<br>Oferta incrementar o número de recoñecementos periódicos de sinais e carteis nun 33%, **de elementos de balizamento un 50% e de obras de terra, desaugadoiros e drenaxes nun 50%.**<br>**Propón a utilización dun software específico para la axenda das estradas.**<br>Para as operacións non programables do Grupo II define equipos de traballo por tipoloxía de operación. |
| b.3.2) Operacións programables do Grupo II | Define e describe a composición dos equipos de traballo para cada tipoloxía de actuacións prevista no PPTP.<br>**Para a programación dos traballos propón diversos partes de acordo aos requirimentos do PPTP.**<br>**Na descrición global das actuacións mais principais transcribe a información do PPTP.**<br>**Presenta proposta de procedemento de xestión de residuos e xestores autorizados pero sen cartas de compromiso.** |

| DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 | 2-S&M UTE |
|---|---|
| *b.1) Medios materiais* | |
| b.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc. | Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP.<br>Incrementa amplamente o listado con maquinaria de movemento de terras e de firmes asfálticos e con pequena maquinaria auxiliar.<br>Instalacións: oferta unicamente as oficinas administrativas centrais do membro da UTE con sede en Santiago de Compostela.<br>Non relaciona nin equipos de traballo, nin medios técnicos, nin instalacións operativas para o obxecto do contrato.<br>Non é posible verificar os tempos de recorrido desde as súas instalacións operativas. |
| b.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato | Transcribe obrigacións previstas no PPTP.<br>Oferta zona de almacenamento en San Marcos (Santiago).<br>Oferta almacenamento dun listado de materiais pero sen establecer a súa cantidade mínima.<br>Non determina ningún tipo de garantía de subministro. |
| b.1.3) Sistema público avisos e incidentes | Transcribe contido do PPTP. |
| *b.2) Medios persoais* | Presenta compromiso formal de adscrición pero non a documentación acreditativa. |
| b.2.1) Responsable Conservación e Mantemento | |
| · Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato | Non presenta documentación acreditativa. |
| · Grado dedicación ao contrato | Dedicación plena (E), pero non presenta documentación acreditativa. |
| · Formación xefe COEX | Non acredita formación COEX. |
| · Experiencia | Non presenta documentación acreditativa. |
| b.2.2) Encargado xeral de obras | |
| · Grado dedicación ao contrato | Dedicación plena (E). |
| · Formación encargado COEX | Non acredita formación COEX. |
| · Experiencia (máximo 20 anos) | Non presenta documentación acreditativa. |
| b.3.3) Outros medios persoais | |
| · Técnico PRL e responsable SyS<br>- Dedicación exclusiva ao contrato<br>- Formación técnico ou xefe COEX | Non presenta documentación acreditativa.<br>Dedicación plena (E), pero non presenta documentación acreditativa.<br>Non acredita formación COEX. |
| · Cuadrillas de persoal<br>- Dedicación exclusiva ao contrato da cuadrilla mínima<br>- Cuadrilla suplementaria con dedicación exclusiva (máximo 2) | Dedicación plena (E).<br>Ofértanse 2 cuadrillas suplementarias con dedicación plena (E). |
| *b.3) Execución dos traballos* | |
| b.3.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II | Transcribe unicamente información contida no PPTP sen aportar información complementaria. |
| b.3.2) Operacións programables do Grupo II | Transcribe unicamente información contida no PPTP sen aportar información complementaria. |

| DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 | 3-F. GÓMEZ |
|---|---|
| *b.1) Medios materiais* | |
| b.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc. | Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP.<br>Incrementa con 1 equipo específico para: formigonados, pavimentos de aglomerado en quente e sinalización vertical.<br>Equipos de traballo: presenta un listado simple de maquinaria e persoal segundo os capítulos dos cadros de prezos do PPTP.<br>Medios técnicos: a información presentada non ten relación con dito concepto nin co obxecto do contrato de servizos.<br>Parque de maquinaria e taller: instalacións de Touro. Tempos recorrido: ao Concello 29 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 38 minutos.<br>Presenta fichas de instalacións de produción de áridos, produción de aglomerados en quente e de xestión de residuos fora do seu apartado (cláusula 13.3 do PCAP). |
| b.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato | Para o subministro de áridos e de mesturas bituminosas en quente oferta a súas propias plantas de produción.<br>Do resto de materias ofertados, unicamente presenta a relación de empresas, pero non aporta garantías de subministro. |
| b.1.3) Sistema público avisos e incidentes | Transcribe parcialmente contido do PPTP. |
| *b.2) Medios persoais* | Presenta compromiso formal de adscrición coa documentación acreditativa. |
| b.2.1) Responsable Conservación e Mantemento | |
| · Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato | Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (G.S.) |
| · Grado dedicación ao contrato | Dedicación exclusiva (E). |
| · Formación xefe COEX | Acredita formación xefe COEX. |
| · Experiencia | Responsable contrato conservación integral Xunta de Galicia: 5 anos. |
| b.2.2) Encargado xeral de obras | O perfil profesional ofertado (Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas) non se corresponde coa categoría laboral especificada no PPTP (encargado xeral de obras). |
| · Grado dedicación ao contrato | |
| · Formación encargado COEX | |
| · Experiencia (máximo 20 anos) | |
| b.3.3) Outros medios persoais | |
| · Técnico PRL e responsable SyS<br>- Dedicación exclusiva ao contrato<br>- Formación técnico ou xefe COEX | Dedicación exclusiva (E).<br>Acredita formación xefe COEX. |
| · Cuadrillas de persoal<br>- Dedicación exclusiva ao contrato da cuadrilla mínima<br>- Cuadrilla suplementaria con dedicación exclusiva (máximo 2) | Dedicación exclusiva (E).<br>Ofértanse 2 cuadrillas suplementarias con dedicación exclusiva (E). |
| *b.3) Execución dos traballos* | |
| b.3.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II | Transcribe unicamente de forma moi resumida (5 páxinas) información contida no PPTP sen aportar información complementaria.<br>Presenta unha proposta de cronograma anual definido polas operacións previstas no PPTP. |
| b.3.2) Operacións programables do Grupo II | Transcribe unicamente de forma moi resumida (2 páxinas) información contida no PPTP sen aportar información complementaria.<br>Presenta unha proposta de cronograma anual definido polas operacións previstas no PPTP. |

| DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2 | 5-EULEN |
|---|---|
| *b.1) Medios materiais* | |
| b.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc. | Oferta o listado de maquinaria mínimo (inclúe marca e modelo), lixeiramente ampliado, previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP.<br>Equipos de traballo: presenta un listado moi básico de actividades e equipos segundo os capítulos dos cadros de prezos do PPTP.<br>Medios técnicos: equipos de telecomunicacións e PDA.<br>Oficina administrativa: rúa de Galeras (Santiago).<br>Nave base del servizo: polígono industrial do Tambre (Santiago). Tempos recorrido: ao Concello 12 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 21 minutos. |
| b.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato | Para os materias, unicamente presenta unha relación de empresas, pero non aporta garantías de subministro.<br>Oferta compromisos xenéricos non avaliables.<br>Oferta un listado de pequenas ferramentas fora do seu apartado (cláusula 13.3 do PCAP). |
| b.1.3) Sistema público avisos e incidentes | A información contida na oferta no cumpre os requisitos esixidos no PPTP para a xestión de avisos.<br>Propón un esquema organizativo para a xestión de incidencias.<br>Oferta un listado de equipamentos de telecomunicacións pero sen establecer a súa función no sistema. |
| *b.2) Medios persoais* | Presenta compromiso formal de adscrición pero non a documentación acreditativa. |
| b.2.1) Responsable Conservación e Mantemento | |
| · Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato | Non presenta documentación acreditativa. |
| · Grado dedicación ao contrato | Dedicación plena (E), pero non presenta documentación acreditativa. |
| · Formación xefe COEX | Non presenta documentación acreditativa. |
| · Experiencia | Non acredita tempo de experiencia en prestación de servizos da mesma natureza ao obxecto do contrato. |
| b.2.2) Encargado xeral de obras | O perfil profesional ofertado (Enxeñeiro Técnico Forestal) non se corresponde coa categoría laboral especificada no PPTP (encargado xeral de obras). |
| · Grado dedicación ao contrato | |
| · Formación encargado COEX | |
| · Experiencia (máximo 20 anos) | |
| b.3.3) Outros medios persoais | |
| · Técnico PRL e responsable SyS<br>- Dedicación exclusiva ao contrato<br>- Formación técnico ou xefe COEX | Non presenta documentación acreditativa. |
| · Cuadrillas de persoal<br>- Dedicación exclusiva ao contrato da cuadrilla mínima<br>- Cuadrilla suplementaria con dedicación exclusiva (máximo 2) | Dedicación 100% (E).<br>Ofértanse 2 cuadrillas suplementarias con dedicación 100% (E). |
| *b.3) Execución dos traballos* | Propón (6 páxinas) a realización, con software específico, a realización dun inventario dos elementos dos viarios que non é obxecto do contrato nin avaliable cos criterios de valoración.<br>Presenta un cronograma de traballos mais acorde coa execución dunha obra que coa prestación dun servizo a demanda de operacións. |
| b.3.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II | Só contempla de forma parcial a operativa das operacións dos subgrupos I.1 e I.2 e sen axustarse plenamente aos requirimentos do PPTP.<br>Do resto das operacións non aporta documentación. |
| b.3.2) Operacións programables do Grupo II | Realiza nunha primeira parte (2 páxinas) unha proposta moi básica de organización baseada aparentemente nun modelo de prestación de servizos fixos periódicos e abono por canon.<br>Nunha segunda parte (1 páxina), presenta unha sistemática moi básica de prestación de servizos por operacións a demanda e abono por medición.<br>A documentación presentada non permite comprobar o coñecemento e cumprimento dos requisitos do PPTP e o obxecto básico do contrato. |

**PUNTUACIÓNS SOBRE Nº 2 (cláusula 13.3) EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES (cláusula 10.3.B)**

| CRITERIOS NON AVAILABLES MEDIANTE CIFRAS | | 1-OVIGA | | | 2-S&M UTE | | | 3-F. GOMEZ | | | 5-EULEN | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Criterios* | $P_{máx}$ | % | AT | P | % | AT | P | % | AT | P | % | AT | P |
| *b.1) Medios materiais* | | | | | | | | | | | | | |
| b.1.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc. | 5,00 | 90% | | 4,50 | 20% | | 1,00 | 70% | | 3,50 | 50% | | 2,50 |
| b.1.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato | 5,00 | 70% | | 3,50 | 10% | | 0,50 | 20% | | 1,00 | 10% | | 0,50 |
| b.1.3) Sistema público avisos e incidentes | 5,00 | 60% | | 3,00 | 50% | | 2,50 | 40% | | 2,00 | 10% | | 0,50 |
| *b.2) Medios persoais* | | | | | | | | | | | | | |
| b.2.1) Responsable Conservación e Mantemento | | | | | | | | | | | | | |
| · Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato | 1,00 | | G.M. | 0,50 | | × | 0,00 | | G.S. | 1,00 | | × | 0,00 |
| · Grado dedicación ao contrato | 2,00 | | E | 2,00 | | × | 0,00 | | E | 2,00 | | × | 0,00 |
| · Formación xefe COEX | 1,00 | | Non | 0,00 | | Non | 0,00 | | Si | 1,00 | | Non | 0,00 |
| · Experiencia | 1,00 | | 0 | 0,00 | | × | 0,00 | | 5 | 1,00 | | × | 0,00 |
| b.2.2) Encargado xeral de obras | | | | | | | | | | | | | |
| · Grado dedicación ao contrato | 2,00 | | E | 2,00 | | E | 2,00 | | × | 0,00 | | × | 0,00 |
| · Formación encargado COEX | 1,00 | | Non | 0,00 | | Non | 0,00 | | × | 0,00 | | × | 0,00 |
| · Experiencia (máximo 20 anos) | 2,00 | | 0,0 | 0,00 | | × | 0,00 | | × | 0,00 | | × | 0,00 |
| b.3.3) Outros medios persoais | | | | | | | | | | | | | |
| · Técnico PRL e responsable SeS | | | | | | | | | | | | | |
| - Dedicación exclusiva ao contrato | 1,00 | | E | 1,00 | | × | 0,00 | | E | 1,00 | | × | 0,00 |
| - Formación técnico ou xefe COEX | 1,00 | | Non | 0,00 | | × | 0,00 | | Si | 1,00 | | × | 0,00 |
| · Cuadrillas de persoal | | | | | | | | | | | | | |
| - Dedicación exclusiva ao contrato da cuadrilla mínima | 1,00 | | E | 1,00 | | E | 1,00 | | E | 1,00 | | E | 1,00 |
| - Cuadrilla suplementaria con dedicación exclusiva (máximo 2) | 2,00 | | 2 | 2,00 | | 2 | 2,00 | | 2 | 2,00 | | 2 | 2,00 |
| *b.3) Execución dos traballos* | | | | | | | | | | | | | |
| b.3.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II | 7,50 | 80% | | 6,00 | 40% | | 3,00 | 30% | | 2,25 | 10% | | 0,75 |
| b.3.2) Operacións programables do Grupo II | 7,50 | 70% | | 5,25 | 40% | | 3,00 | 20% | | 1,50 | 10% | | 0,75 |
| ***TOTAL*** | **45,00** | | | **30,75** | | | **15,00** | | | **20,25** | | | **8,00** |

***Abreviaturas***

%: porcentaxe de puntuación asignado ao criterio de valoración
AT: datos da oferta segundo o criterio de valoración (ver análise técnico)
×: documentación acreditativa non presentada ou non axustada ao PPTP
P: puntuación licitador en cada criterio de valoración
$P_{máx}$: puntuación máxima criterios de valoración